



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 20 DE XUÑO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona María Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 13 de xuño de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito de dona María Olga Santos López, voceira de Asemblea Cidadá de Cambre-Son, rexistrado de entrada o día 15 de xuño de 2016 co número 0/5078, no que comunica que a súa ausencia do termo municipal dende o día 19 ao 26 de xuño do ano que andamos.
- Escrito do xerente do Consorcio das Mariñas, rexistrado de entrada o día 15 de xuño de 2016 co número 0/5045, no que comunica que por resolución da presidencia do día 30 de decembro de 2015 se prorrogan as previsións iniciais do estado de ingresos do orzamento do Consorcio para 2015 e os créditos iniciais do estado de gastos do orzamento de 2015. Así mesmo, solicita a entrega das cantidades acordadas nos prazos convidados. O Concello de Cambre correspóndelle a cantidade de 19.503.69 euros.
- Resolución do 8 de xuño de 2016, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se conceden subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de auditorías enerxéticas

a implantación de sistemas de xestión, mobilidade con combustibles alternativos e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores da industria e servizos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, e incluídas na convocatoria anticipada efectuada mediante Resolución do 16 de decembro de 2015 (Diario Oficial de Galicia número 247, do 16 de decembro). (Diario Oficial de Galicia número 114, do 16 de xuño de 2016).

- Resolución do 1 de xuño de 2016, do Consello de Contas de Galicia, pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático par a súa rendición. (Diario Oficial de Galicia número 112, do 14 de xuño de 2016).

3º Expedientes de contratación

3.1. Devolución do depósito definitivo, por importe de 865,50 euros, a entidade Auximega, S.L., constituído para garantir a execución do contrato denominado "Adaptación da varanda existente na praza de Manuel Lugris á normativa de accesibilidade vixente". Expediente: 13/35-06 SUM

Vistos os escritos presentados por dona M^a Soledad Rodríguez, en representación de "Auximega, S.L.", con CIF B-70042601 e domicilio na rúa Innovación, nº 52, Polígono Os Capelos, 15175 Carral - A Coruña, rexistrados aos números 0/2065 e 0/2124, con as datas 10 e 14 de marzo de 2016, no que solicita se lle devolva a garantía depositada en metálico por importe de 865,50 euros, presentada na Tesourería municipal o día 16/01/2014 para garantir a execución do contrato denominado "Adaptación da varanda existente na praza de Manuel Lugris á normativa de accesibilidade vixente", (investimento cofinanciado pola Deputación provincial da Coruña, ao abeiro da convocatoria de programas dirixidos a concellos e outras entidade locais para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2013, BOP nº 239 do 17/12/2012). Expediente 13/35-06 SUM.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a data de recepción da subministración, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, este segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal coa data do 29 de abril de 2016.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 30 de maio de 2016.

A teor do establecido nos arts. 100, 102, 222 e 298 do Real Decreto Lexislativo 30/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público.

Vista proposta da Alcaldía, de data 10 de xuño de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:



Primeiro: Devolver a garantía definitiva, por importe de 865,50 euros, depositada pola entidade "Auximega, S.L.", no expediente número 13/35-06 SUM.

Segundo: Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.

3.2. Devolución do depósito definitivo, por importe de 4.025,68 euros, a entidade Automóviles Sigrás Carral, S.A., constituído para garantir a execución do contrato denominado "Servizo de Transporte para participantes en actividades educativas, xuvenis e outros transportes para actividades organizadas polo Concello de Cambre". Expediente: 11/02-02 SERV

Visto o escrito presentado por don Fernando Míguez Rey, con DNI 32.446.375-E en representación de "Automóviles Sigrás Carral, S.A.", con CIF A-15049943 e domicilio na Avenida de Almeiras, nº 3, 15180 Culleredo - A Coruña, rexistrado ao número 0/3466, con data 22 de abril de 2015, no que solicita se lle devolva o aval bancario número 00262484 de data 6 de abril de 2011, da entidade "Banco Pastor, S.A." por importe de 4.025,68 euros, depositado na Tesourería municipal o día 8/04/2011 para garantir a execución do contrato denominado "Servizo de Transporte para participantes en actividades educativas, xuvenis e outros transportes para actividades organizadas polo Concello de Cambre". Expediente 11/2-2 SERV.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a data de finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, este segundo informe favorable emitido pola animadora deportiva adscrita a educación co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas coa data do 27 de abril de 2016.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 30 de maio de 2016.

A teor do establecido nos arts. 90 e 283 da Lei 30/2007 de contratos do sector público, e disposición transitoria primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público.

Vista proposta da Alcaldía, de data 10 de xuño de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Devolver o aval definitivo, por importe de 4.025,68 euros, depositado pola entidade "Automóviles Sigrás Carral, S.A.", no expediente número 11/2-2 SERV.

Segundo: Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.



3.3. Proposta de adjudicación, á empresa "Excavaciones y Obras Candal, S.L.", no importe de 13.310,00 euros IVE incluído, do contrato menor para execución da obra "Reparación de colectores". Expediente: 2016/C002/000009

Logo de ver a necesidade de reparación de varios colectores en distintos lugares do Concello de Cambre: rúa Constitución (Temple), Parque Ramón Barba (Temple), O Corgo (Brexo Lema), O Pombo (Pravio) e Muiño Vello (Pravio), elaborouse, pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, unha memoria valorada denominada "Reparación de colectores", por un importe de execución por contrata de 13.768,76 euros IVE incluído.

Con data 24 de maio de 2016, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, emite un informe no que se considera que para a valoración de ofertas será suficiente ter en conta, como único criterio, o factor prezo, e indica unha relación de empresas que contan con capacidade para executar a actuación prevista, e, polo tanto, poderían ser invitadas a participar na licitación que se incoe, para os efectos de servir de referencia ao órgano de contratación, sen prexuízo de que este puidese invitar a participar na licitación ás empresas que se considerasen convenientes.

Con data do 27 de maio de 2016, remitíronse invitacións mediante correo electrónico para participar na presente licitación ás seguintes empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, e quedando no expediente acreditación da recepción das invitacións enviadas a: ALVAC, S.A., EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L. e ERFINCO S.L. As tres entidades invitadas presentaron as súas ofertas, que constan rexistradas de Entrada no expediente.

Con data do 2 de xuño de 2016 emitiuse proposta de adjudicación pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, coa conformidade do concelleiro-delegado de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, a prol da entidade EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L., por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adjudicación factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución da obra no importe total de 13.310,00 euros, IVE engadido.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 30 de maio de 2016

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, ademais do presuposto das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando as normas específicas o requiran, así como o informe de supervisión, cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 10 de xuño actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000009.

Vista proposta da Alcaldía, de data 13 de xuño de 2016.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 24 de maio de 2016, para a contratación da obra de “Reparación de colectores”, así como a memoria elaborada pola antedita funcionaria municipal, por un importe máximo de execución por contrata de 13.768,76 euros, IVE engadido.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2016 / 160 61900

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte. 2016/C002/000009, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación ás tres entidades invitadas e que presentaron oferta, sendo estas “Alvac, S.A.” , “Excavaciones y Obras Candal S.L.”, e “Erfinco S.L.”

Quinto: Adxudicar a actuación no prezo ofertado de 13.310,00 euros (IVE engadido), a empresa “EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.”, con CIF B-15496219 e domicilio en A Brea, nº 52, 15689 Ordes, A Coruña, por ser a oferta máis vantaxosa en aplicación do criterio de valoración factor prezo contemplado no expediente de contratación incoado.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa	Puntuación
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.	1º
ERFINCO S.L.	2º
ALVAC, S.A.	3º

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Designar como directora da obra e coordinadora de seguridade e saúde, así como responsable do contrato, á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP á que lle corresponderá supervisar a súa realización e adoptar a as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Oitavo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral responsable de Contratación, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

3.4. Proposta de aprobación do informe de avaliación de riscos e mailo informe de xestión de residuos correspondente á obra “Reforma da instalación eléctrica nos vestiarios do campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”. Expediente: 2016/C002/000007

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dezaseis de maio de dous mil dezaseis, adoptou o acordo de contratar como contrato menor, expte 2016/C002/000007, a actuación denominada “Reforma da instalación eléctrica nos vestiarios do campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”, segundo memoria elaborada polo enxeñeiro técnico municipal, por un importe máximo de execución por contrata de 18.540,19 euros, IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como adxudicar a obra no prezo ofertado de 17.996,45 euros (IVE incluído), á empresa “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” (INSTELEC S.L.), con CIF B-15025661 e domicilio en rúa Ermita, 34, Polígono da Greña, 15008 A Coruña.

Visto que, con data do 27 de maio actual e nº de Rexistro de Entrada 0/4492 a entidade adxudicataria presentou o Informe de Avaliación de Riscos, e, con data do 1 de xuño seguinte e nº de Rexistro de Entrada 0/4613, achegou o Informe de xestión de Residuos, ambos para a execución das obras contratadas.

Visto o informe favorable asinado con data do 10 de xuño de 2016 polo enxeñeiro técnico industrial municipal, quen foi designado como director da obra, e responsable do contrato, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do día dezaseis de maio de dous mil dezaseis,

Visto o establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o Real decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición,

Vista proposta da Alcaldía, de data 15 de xuño de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o informe de avaliación de riscos e mailo informe de xestión de residuos presentados pola empresa “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.”, para a execución da obra denominada “Reforma da instalación eléctrica nos vestiarios do campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”

Segundo: Notificar aos interesados.

3.5. Proposta de adxudicación, á empresa “Excavaciones J. Cancela Esmorís, S.L.” no importe de 14.085,51 euros IVE incluído, do contrato menor para execución da obra “Renovación da rede de abastecemento en Lendoiro”. Expediente.: 2016/C002/000010

A rede de abastecemento en Lendoiro conta cunha antigüidade de máis de 20 anos, producíndose nela numerosas avarías, que fan necesaria a súa renovación, mediante a substitución dun tramo de 755 ml de tubaría, , máxime tendo en conta que está previsto repavimentar a vía nos próximos meses.

Pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona. Elena Bartolomé Delanoë, redactouse a memoria valorada denominada “Renovación da rede de abastecemento en Lendoiro”, por un importe de execución por contrata de 16.397,61 euros IVE incluído.

Con data 25 de maio de 2016 , a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emite informe, no que se propón que para a valoración das ofertas se terá en conta unicamente o factor prezo, e indica unha relación de empresas que contan con capacidade para executar a actuación prevista, e, polo tanto, poderían ser invitadas a participar na licitación que se incoe, para os efectos de servir de referencia ao órgano de contratación, sen prexuízo de que este poidese invitar a participar na licitación ás empresas que se considerasen convenientes.

Con data 26 de maio de 2016, remitíronse invitacións mediante correo electrónico para participar na presente licitación ás seguintes empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, e quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas a: “ALVAC, S.A”, “EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.”, “EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS S.L.”, “ERFINCO S.L.”, e “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.”

Rematado o prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes proposicións, en sobre pechado:

Empresa	Data de Rexistro	Nº Rexistro Entrada
ERFINCO S.L.	27/05/16	0/4469
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	27/05/16	0/4485
EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS S.L.	30/05/16	0/4519
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.	30/05/16	0/4530
ALVAC, S.A.	30/05/16	0/4537

Con data do 2 de xuño de 2016 emitiuse proposta de adjudicación pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, coa conformidade do concelleiro-delegado de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, a prol da entidade “EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS S.L.”, por ser a que maior puntuación obten na valoración do criterio de adjudicación factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución da obra no importe total de 14.085,51 euros, IVE engadido.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 27 de maio de 2016

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos

contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, ademais do presuposto das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando as normas específicas o requiran, así como o informe de supervisión, cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Visto o informe favorable emitido pola técnica de xestión de Administración xeral con data do 14 de xuño actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000010.

Vista proposta da Alcaldía, de data 15 de xuño de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data do 25 de maio de 2016, para a contratación da obra de “Renovación da rede de abastecemento en Lendoiro”, así como a memoria elaborada pola mesma enxeñeira técnica de obras públicas municipal, por un importe máximo de execución por contrata de 16.397,61 euros, IVE engadido.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2016 161 619 00

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2016/C002/000010, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación ás entidades “ALVAC, S.A”, “EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.”, “EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS S.L.”, “ERFINCO S.L.”, e “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.”

Quinto: Adjudicar a obra, no prezo ofertado de 14.085,51 euros (IVE incluído), a empresa EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS S.L., con CIF B-15769706 e domicilio en rúa Alfonso X El Sabio, 6, 15142 Arteixo, A Coruña, por ser a oferta máis vantaxosa en aplicación do criterio de valoración factor prezo contemplado no expediente de contratación incoado.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa	Puntuación
EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS S.L.	1º
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.	2º
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	3º
ALVAC, S.A.	4º
ERFINCO S.L.	5º

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Designar como directora da obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, esto de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP , polo que lle corresponderá supervisar a súa realización, adoptar a as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Oitavo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 10 ao 16 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais número 894/2016 e remata coa resolución da Alcaldía número 940/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
894/2016	10/06/2016	Conceder a renovación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: EAGM
895/2016	10/06/2016	Outorgamento de premios e gratificacións aos participantes no entroido en cambre 2016
896/2016	10/06/2016	Resolución cese de don JLP por supresión da praza axente de Protección Civil en cumprimento sentenza nº588/2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
897/2016	10/06/2016	Resolución cese de dona JMB por supresión do posto de traballo xefa de negociado S.A.C. en cumprimento sentenza nº588/2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
898/2016	10/06/2016	Convocatoria Xunta Goberno Local do día 13 de xuño de 2016
899/2016	10/06/2016	Colaboración policía local nas eleccións xerais de xuño de 2016
900/2016	10/06/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (P 3616)
901/2016	10/06/2016	Concesión autorización espazo público ao partido político "Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía", na praza "Manuel Murguía" o día 11 de xuño actual, en horario de 18:00 a 21:45 horas, para a colocación dunha carpa con motivo da realización dun acto electoral
902/2016	10/06/2016	Ruta 121, ó Couto Mixto, programa Vente de marcha 2016
904/2016	13/06/2016	Denegar a axuda alimentación por non cumprir os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: MJG
905/2016	13/06/2016	Conceder a axuda de gas por importe de 25,57 euros , de luz

		por importe de 30,35 euros e de auga por importe de 41,01 euros. Solicitante: FCS
906/2016	13/06/2016	Denegar a axuda recibo gas por superar a contía máxima permitida por ano e unidade familiar para recibos de auga segundo o establecido no artigo 7 da ordenanza reguladora. Solicitante: GM
907/2016	13/06/2016	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCV
908/2016	13/06/2016	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCDV
909/2016	13/06/2016	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JRSR
910/2016	13/06/2016	Conceder a tarxeta estacionamento. Solicitante: MJMB
911/2016	13/06/2016	Aprobación convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no Concello de Cambre
912/2016	13/06/2016	Solicitud de devolución de ingresos indebidos al arcebisado de Santiago de Compostela en relación coa taxa pola expedición de documentos administrativos
916/2016	13/06/2016	Celebración matrimonio civil o 18/06/2016 ás 13:00 horas, Mde losÁCP e JCMG
918/2016	14/06/2016	Acordo da Consellería do Medio Rural para a cesión ao Concello de Cambre de material (pértega e elementos accesorios)destinado ao desenvolvemento do plan de vixilancia e control da vespa velutina en Galicia, mediante labores de retirada de niños.
919/2016	15/06/2016	Actividade de kaiak polo río Mandeo, por Betanzos e arredores. Programa Este finde teño plan 2016
920/2016	15/06/2016	Apertura de contas restrinxidas de pagamentos: Anticipos de caixa fixa
921/2016	15/06/2016	Programa de actividades xuvenís mes de marzo 2016
922/2016	15/06/2016	Conceder a autorización apertura urna sinalada letra "C", no panteón perimetral 150, no cemiterio municipal Cambre, para inhumar o cádaver de don MCG. Solicitante: MRCE
923/2016	16/06/2016	Expediente de xeración de crédito núm. 7/2016. Plan AFD 2016
924/2016	16/06/2016	Arquivo de actuacións no expediente número 3/2016 na reclamación por danos nunha produciu danos nunha piona e na beirarrúa na que estaba anclada, situadas na rúa Otero Pedraio nº 4, O Temple, Cambre
925/2016	16/06/2016	Arquivo de actuacións no expediente número 4/2016 reclamación por danos nunha farola de iluminación pública situada no lugar da Pena da Nosa Señora á altura do nº 4,

		Cambre.
926/2016	16/06/2016	Concesión autorización espazo público ao partido político PSOE de Cambre no lateral de ABANCA, ao lado do kiosko da ONCE en Cambre, os días 13 e 19 de xuño actual, en horario de 10:00 a 14:00 horas, para a colocación dun stand de 4x4 metros con motivo da realización dun acto electoral
927/2016	16/06/2016	Concesión autorización espazo público ao partido político Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, fronte ao Campo da Feira de Cambre, o día 19 de xuño de 2016, en horario de 9:00 h. a 14:00 h., para colocar unha carpa de 3x3 metros con motivo dun acto electoral
928/2016	16/06/2016	Autorización de ocupación de espazo público ao partido político Bloque Nacionalista Galego (BNG), fronte ao Campo da Feira de Cambre, o día 19 de xuño de 2016, en horario de 10:00 h. a 14:00 h., para colocar unha carpa de 3x3 metros con motivo dun acto electoral
929/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: DCF
930/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: ARGA
931/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: JBM
932/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: SCC
933/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: FGS
934/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: BPG
935/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: EMPL
936/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: JMP
937/2016	16/06/2016	Conceder a axuda bonotaxi para o exercicio 2016. Solicitante: AVG
938/2016	16/06/2016	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (GDC, SL e máis), por importe total de 145.067,86 euros
939/2016	16/06/2016	Recoñecemento de obrigas correspondentes a axudas de emerxencia social por importe total de 760,70 euros. exp 12/2016
940/2016	16/06/2016	Liquidación provisional a UFD, S.A., da taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2012

5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Mantivo unha reunión con Gabriel Nión, arquitecto do arcebispado de Santiago de Compostela.

Dentro da área de Movemento Asociativo:

- O luns, día 13, ás 12:30 horas, recibiu o presidente da Asociación "Artes Marciales de Cambre".

Ás 12:45 horas, recibiu a don Luis Miguel García, presidente da Sociedad deportiva "A Ría", solicitando impresos para a súa cumplimentación, ao non poder asistir o martes á reunión.

- O martes, día 14 de xuño, ás 20:00 horas, tivo lugar unha xuntanza no salón de actos da Barcala, con trece presidentes de Asociacións deportivas. Neste acto estiveron presentes a concelleira de Movemento Asociativo, dona María Dolores García, o concelleiro de Cultura, don Ramón Boga Moscoso, e o responsable de deportes, don Miguel Gamallo Ponte. Finalizou ás 22:30 horas e entregóuselles a cada una dos representantes das asociacións unha documentación para ser cumprimentada e posteriormente entrega a través de rexistro.

- O mércores, día 15 de xuño, recibiu ao presidente da Asociación de veciños de Bribes, solicitando información sobre a actual normativa de fogueiras de San Xoan.

Tamén recibiu ao presidente da Asociación de veciños de Anceis, solicitando que o acompañase para facer unhas fotos sobre o deterioro dalgúsn lugares da parroquia, ao non ser desta concellería, remitiuno a Obras e Servizos.

Ás 13:00 horas, recibiu unha chamada da administradora de Fincas "Galifincas", solicitando que visitemos o local da Nosa Señora da Visitación, posto que había uns obreiros esperando para realizar uns traballos de reparación.

- O xoves día 16, recibiu o presidente do Clube Náutico de Cambre, para recoller uns impresos da Asociación, para a súa cumprimentación.

- Tamén o visitou o presidente da Sociedade Caza e Pesca de Cambre, para dar unhas queixas sobre o local, que foron atendidas no momento e solucionadas.

- Tamén recibiu á presidenta da Asociación de Cecebre, solicitando o pavillón de Cambre para unha Xuntanza de palilleiras.

- Acompañou á concelleira de Promoción Económica por varios locais da Barcala para unhas xestións.

- O venres, día 17, ás 09:00 horas, recibiu no despacho a un veciño da Barcala que se queixou dunhas queixas por un ruído dun motor do local anexo o seu; di que se lle informou que a citada queixa a tiña que presentar por rexistro.



- O sábado, día 18, ás 13:00 horas, celebrou o matrimonio civil no salón de Plenos do Concello.

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- En relación co servizo hixiénico sanitario de papeleras contratado coa empresa Serkonten, comunicoulle que serían necesarios 20 puntos máis de recollida, cun incremento económico de 936 euros.
- Mantivo unha reunión co director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo para tratar unha proposta respecto de crear unha bolsa de pisos para aluguer, co obxecto de facilitar o acceso á vivenda ás persoas máis necesitadas, afectados por desafuzamentos, etc.
- O sábado, día 18 de xuño, ás 17.30 horas, tivo lugar a inauguración do showroom dos inscritos nos cursos de corte e confección, cunha alta participación e asistencia de persoas.

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio

Don Juan A. González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- O mércores, día 15, ás 10:00 horas, asistiu a unha reunión á Xunta de Galicia, na Coruña, para tratar o tema do proxecto das beirarrúas na Xira, Sigrás, e evolución do proxecto. Acompañouno o enxeñeiro municipal don Óscar Souto Muiño.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 13 de xuño, ás 16:00, horas asistiu ao Consello Escolar do Colexio Público de Ensinanza Infantil e Primaria CEIP do Graxal no Temple.
- Ás 17:30 asistiu á reunión da mesa sectorial do GDR Mariñas Betanzos.
- Ás 19:30 horas asistiu á Asamblea Xeral Ordinaria do GDR Mariñas Betanzos que tivo lugar no edificio sociocultural da Senra (Concello de Bergondo) no que se expuxo o novo proxecto a presentar na Candidatura Leader 2014-2020 do GDR 23 Mariñas Betanzos.
- O día 14, ás 11:00 horas, xunto coa concelleira de Movemento Asociativo desprazáronse á Barcala para iniciar conversas coa hostalaría da zona, co fin de dinamizar a zona.
- O día 15, ás 9:45 horas, asistiu á selección do alumnado do curso nº397 do Plan AFD/Xunta 2016 "atención sociosanitaria a persoas dependentes en domicilio" no salón de actos do Centro Municipal de formación do Concello de Cambre.
- O día 16, ás 12:00 horas, reuniuse coa concelleira do Movemento Asociativo para continuar coas visitas á hostalaría da urbanización da Barcala, co fin de axudalos a dinamizar a zona económica e socialmente.



- O día 17, ás 19:00 horas, asistiu á Asemblea Xeral do Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro.
- O sábado día 18, ás 17:30 horas, asistiu ao showroom do curso de confección na Casa da Cultura Villa Concepción.

Informes da concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- APP. OMX tivo 700 descargas, 7154 visitas.
- O martes día 14 na Casa da Xuventude tivo lugar a primeira reunión coa Asociación Xuvenil Urbilar para programar o magosto.
- O venres día 17 o animador xuvenil xunto coa Federación Galega de Vela desprazáronse á Illa de San Simón para ultimar detalles dos campamentos náuticos de verán.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación

Dona María Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:

- O sábado, día 18, asistiu ao acto de fin de promoción 2007/2016 do CEIP Wenceslao Fernández Florez que tivo lugar no pavillón Sofía Toro e organizada pola ANPA Fendetestas.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares e Deportes

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Publicouse no Boletín Oficial da Provincia o anuncio para a licitación do servizo de mantemento e limpeza dos campos de fútbol municipais.
- En breve, abrirase o sobre B do expediente do servizo de escolas de actividade física e saúde de verán.
- Tivo lugar a mesa de contratación para o Rock in Cambre, abriuse o sobre C, o económico.
- Está en preparación o informe proposta e as prescricións técnicas para as actividades de encontro e lecer (terceira idade).
- Está pendente en contratación a subasta do posto de bebidas do Rock in Cambre.
- Actividades da Casa da Cultura: exposición do obradoiro de tecido e pintura do 13 ao 18 de xuño. Inaugurouse o luns, día 13, ás 19:30 horas.
- Novo contrato para informática: dous anos con posibilidade de ampliación a un máis. Xa se enviou a contratación o informe proposta e o informe de necesidade. Pendente de contratación.
- O venres, día 17, presentación á prensa de Galaicoi, primeira romaría castrexo-romana.
- O sábado, día 18, representación de teatro no Parque de Igrexa da obra "18 primaveras", da compañía mamacabra.

- Festa fin de curso da escola Sementeira o venres e o sábado no local sociocultural do Graxal.
- O sábado, día 18, museo de Xacemento Romano, charla por conta da Asociación Histórico Cultural Deportiva Recreadores de Galicia, titulada "A navegación na antigüidade".
- O luns e o martes, días 20 e 21, comezarán os traballos de posta a punto do céspede do campo de fútbol da Barcala.
- O sábado, día 18, tivo lugar no pavillón Sofía Toro, de Cambre, o acto de graduación dos alumnos de 6º, organizado pola Anpa Fendetestas.
- Piscina Castros do Bosque: o luns comunicouse a Sanidade, a instalación abrírase ao público sen mobilidade e en correcto funcionamento. Varias incidencias comunicadas pola empresa: non funciona o gardamotor, hai unha fisura nas escaleiras, falta un azulexo.
- Cuberta pavillon Sofía Toro: a empresa Terroba realizou a limpeza dos canalóns. Recoméndase nivelar, peraltar e conectar as dúas baixantes, segundo recomendación dos técnicos.
- Posta a punto dos parques biosaúdables: pendente de sinatura o vale de pedido. Realizaranse traballos de limpeza e pintado na última semana de xuño.
- Traballos de limpeza perimetral nos campos de fútbol Dani Mallo e A Barcala.
- Campo de fútbol Os Pinares: seguimento dos reparacións da instalación eléctrica e do gas por conta de Instelec.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 13, mantivo unha reunión coa presidenta da Asociación de Veciños de Cela.
- O día 15, asistiu á entrega de medallas a policías locais na Estrada.
- O día 16, asistiu ao Consello Escolar do CEIP Gonzalo Torrente Ballester.
- O día 18, celebrou unha voda no Concello.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de "Resolución discrepancia interpretativa e Recurso de reposición formulado pola entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), adxudicataria do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre. Expediente: 2010/4-3 SERV.", sendo aprobada por unanimidade dos oito concelleiros asistentes á sesión.

6º. Resolución discrepancia interpretativa e Recurso de reposición formulado pola entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), adxudicataria do contrato de



redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre. Expediente: 2010/4-3 SERV.”

Con data 14 de decembro de 2010 formalízase contrato administrativo con “ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais” (IDOM-ARNAIZ UTE), para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre, no prezo ofertado de 346.698,39 €, IVE incluído.

Por Resolución da Alcaldía nº 1215, do 14 de agosto de 2013, e logo da tramitación do correspondente expediente, se impón á entidade adxudicataria unha penalidade por importe de 16.641,60 euros, a detraer das facturas pendentes de pagamento, ou da garantía definitiva, se o anterior non fose posible, por **retraso no cumprimento do contrato, achacable á entidade adxudicataria.**

Nesta mesma resolución do 14/08/2013, no seu punto cuarto da parte dispositiva, acordase que, de se producir máis atrasos no cumprimento do contrato, incoarase expediente administrativo para a resolución do contrato, con incautación da garantía definitiva, e iso sen prexuízo do dereito do concello a ser indemnizado polos danos e prexuízos ocasionados para o efecto.

Con data do 10 de xaneiro de 2014, díctase resolución polo concelleiro-delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, no que se acorda **incoar expediente para a resolución do contrato** suscrito coa data do 14 de decembro de 2010, coa entidade “Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM, S.A., Arnaiz Consultores, S.L., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo sobre Régimen Fiscal de Agrupaciones y Uniones Temporales”, para execución dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre, motivado, en concreto, no cumprimento defectuoso do contrato, tal e como se recolle nos informes emitidos coas datas do 18 de novembro de 2013 e 23 de decembro de 2013 polo responsable do contrato, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior Municipal.

Por resolución do concelleiro-delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do día 28 de marzo de 2014, resólvese acordar **o arquivo do expediente para a resolución do contrato** suscrito coa data do 14 de decembro de 2010, coa entidade “Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM, S.A., Arnaiz Consultores, S.L., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo sobre Régimen Fiscal de Agrupaciones y Uniones Temporales”, para execución dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre, iniciado por Resolución desta mesma concellería-delegada de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 10 de xaneiro de 2014, esto á vista do compromiso formulado pola UTE adxudicataria, **de presentar no prazo firme, pechado e improrrogable de cinco meses, o documento corrixido para a súa aprobación inicial**, destinando para esta finalidade ao equipo integrado polos membros que constan no escrito presentado pola adxudicataria coa data do 06/03/2014 ao nº 04/252, e máis do informe elaborado polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior-responsable do contrato, de data 11 de marzo de 2014, e considerando a preminencia do interese xeral que deriva da redacción do Plan Xeral, e a maior eficacia e celeridade que deriva do outorgamento deste prazo á entidade adxudicataria, en lugar de proceder a unha nova licitación do contrato.

O 25 de febreiro de 2016, o Sr. Alcalde dicta a Resolución nº 307/2016, pola que se concede á adxudicataria do contrato o **prazo de dous meses improrrogables, para a realización das modificacións correccións e adaptacións do PXOM derivadas, tanto dos informes municipais e sectoriais emitidos polas distintas administracións públicas, como da obriga de adaptar plenamente o mesmo á Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia**, de conformidade coas cláusulas 4ª in fine e 5ª das administrativas que rexen o contrato e coa Disposición Transitoria Segunda 3ª da dita lei, prazo no que igualmente deberá presentarse este PXOM debidamente modificado, correxido e adaptado á nova Lei do solo de Galicia 2/2016, tanto en formato papel como en soporte dixital.

Con data 1 de abril de 2016, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior (responsable do contrato), elabora unhas **“Instrucciones sobre ejecución trabajos redacción del PGOM”**, que foron recibidas pola UTE adxudicataria do contrato o día 6 de abril seguinte, nas que se lle aclara ao contratista que o prazo outorgado de dous meses é para a redacción do borrador do plan e do documento inicial estratéxico esixidos no artigo 60.2 da Lei 2/2016, co fin de iniciar de novo a tramitación do documento e adaptalo ao novo marco legal.

Con data do 25 de abril de 2016, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre ao nº 4/569, un escrito de **interposición de Recurso de Reposición** formulado pola UTE adxudicataria, contra a antedita Resolución da Alcaldía nº 307/16 do 25 de febreiro, pola que se concedía á adxudicataria do contrato o prazo improrrogable de dous meses para a realización de distintas modificacións, correccións e adaptacións no PXOM presentado.

Con data do 23 de maio de 2016 emítese informe polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, responsable do contrato, no que se dá resposta técnica ás distintas alegacións formuladas pola UTE adxudicataria no seu escrito de interposición de recurso.

Con data do 3 de xuño de 2016 emítese informe pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria accidental e máis do interventor municipais, no que se propón a **incoación dun expediente para a resolución da discrepancia interpretativa** xurdida entre o Concello de Cambre e a entidade “ENXEÑEIRO E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais” (IDOM-ARNAIZ UTE), consistente en **determinar si a entidade contratista ten a obriga ou non**, de conformidade co establecido nas cláusulas 5 e 23 do prego de cláusulas administrativas particulares e punto primeiro do prego de prescricións técnicas, **de asumir, sen incrementar o prezo contractual, a obriga de efectuar no documento presentado as adaptacións derivadas** dos informes municipais e sectoriais, así como **da entrada en vigor da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia**.

A incoación do dito expediente interpretativo foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión do día 6 de xuño de 2016.

Con data 7 de xuño de 2016 emítese informe polo arquitecto municipal, xefe da Sección de Planeamento e Xestión, no que se cuantifican os traballos correspondentes á adaptación do PXOM á nova Lei 2/2016 do solo de Galicia, en **cero euros**, por non conter eses traballos



determinacións e exixencias que modifiquen substancialmente a lexislación existente antes da súa entrada en vigor.

Consta ademais no expediente o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria accidental e mailo interventor municipais de data 17 de xuño actual, no que conta a proposta de acordos a adoptar.

Vista proposta da Alcaldía, de data 17 de xuño de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data 6 de xuño de 2016, continuar a tramitación do expediente incoado para resolución da discrepancia interpretativa xurdida entre o Concello de Cambre e a entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), adxudicataria do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre (exp. nº 2010/4-3 SERV.) e, tendo en conta o establecido no art. 97 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, **dar audiencia á contratista polo prazo de cinco días hábiles**, dándolle traslado dos informes técnicos emitidos polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con datas 29 de xaneiro e 23 de maio de 2016, polo arquitecto municipal, xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 7 de xuño de 2016, e pola Secretaría e Intervención municipais, para que formule as alegacións ou suxestións que consideren necesarias.

Segundo: Rematado o prazo de alegacións, emitiranse os informes pertinentes para a súa elevación á Xunta de Goberno Local para os efectos de continuar o incidente de discrepancia interpretativa polos seus trámites, con remisión do expediente e solicitude de ditame ao Consello Consultivo de Galicia, ao que se lle enviará a proposta de resolución a adoptar polo Concello, todo isto consonte co establecido no 195.3 da Lei 30/2007 (aplicable ao presente expediente de conformidade coa Disposición Transitoria Primeira do Real decreto lexislativo 3/2011,) e art. 12.g) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Terceiro: Deixar en suspenso os efectos da Resolución recorrida, ditada polo Sr. alcalde con data 23 de febreiro de 2016 e nº 307, así como a resolución definitiva do recurso de reposición interposto, en tanto non se resolva o incidente interpretativo incoado, isto de conformidade co establecido nos artigos 42.5 c) e 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, isto tendo en conta que o recurso de reposición interposto pola UTE adxudicataria basea gran parte da súa argumentación nunha diferenza interpretativa co Concello que precisa dun pronunciamento do Consello Consultivo, e tendo en conta, así mesmo, que a UTE entende que a esixencia de adaptación do PXOM á Lei 2/2016 suporía a adopción dun acordo nulo de pleno dereito.

Cuarto: Comunicar ao Consello Consultivo e á UTE adxudicataria que, sen prexuízo do que resulte do trámite da audiencia outorgado, e do Ditame que se emita polo Consello Consultivo de Galicia, a proposta de resolución a adoptar polo Concello de Cambre podería conter, á vista do

exposto nos informes emitidos, un pronunciamento **desestimatorio do recurso de reposición interposto** contra a Resolución da Alcaldía nº 307/2016, de data 25 de febreiro actual, á vista das distintas respostas ás alegacións formuladas no seu escrito de recurso pola UTE recorrente, que constan nos informes técnicos emitidos polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con data do 23 de maio de 2016, polo arquitecto municipal, xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 7 de xuño de 2016, e pola Secretaría e Intervención municipais o 17 de xuño de 2016, e dos que, resumidamente, resultan as seguintes conclusións que desvirtúan todas e cada unha das alegacións formuladas pola entidade recorrente :

- Toda a información da que dispón este concello foille debidamente facilitada ao equipo redactor para que efectuase o seu traballo.
- A UTE adxudicataria do contrato era, e así consta no expediente, sobradamente coñecedora dos motivos da Resolución recorrida, e das pautas a seguir na elaboración do PXOM.
- Numerosos incumprimentos contractuais por parte da entidade adxudicataria, que provocaron desde a imposición dunha sanción económica por atraso na execución dos traballos, ata a incoación dun expediente para resolver o contrato por defectuosa execución dos traballos, motivan que a día de hoxe o Plan xeral de ordenación municipal non estea preparado para a súa remisión á Xunta de Galicia, e que ademais, aínda se ten que corrixir e adaptar aos informes sectoriais que desde abril de 2015 lle foron remitidos á UTE adxudicataria, así como aos distintos informes municipais remitidos en setembro de 2015, así como adaptalo á Lei 2/2016 do solo de Galicia.
- A circunstancia anterior imposibilita que nos atopemos dentro do ámbito da segunda fase do pagamento contemplada na cláusula cuarta do contrato suscrito, que habilitaría para aboar ao contratista o 30% do prezo do contrato.
- **A adaptación do documento presentado ás modificacións legais que se produzan, non constitúe por si unha modificación do contrato, nin precisa dun expediente modificadorio, xa que tal adaptación está incluída dentro dos traballos a realizar, sen implicar modificación do prezo do contrato.** Adaptación que, por outra banda, non resulta significativa nin cuantificable, segundo informa o arquitecto municipal, xa que se limitaría a realizar de novo o trámite ambiental, para o cal se aproveitaría o documento de inicio xa existente (que pasará a denominarse “documento inicial estratéxico”), e sobre a documentación presentada para aprobación inicial se confeccionaría o “borrador do plan”, eliminándose o informe previo á aprobación inicial que contemplaba o artigo 85.1 da Lei 9/2002.
- Non procede o outorgamento á entidade contratista, de indemnización ningunha, sen que resulte aplicable tampouco a doutrina do “*factum principis*”, toda vez que existen numerosos e probados incumprimentos do contrato por parte da entidade adxudicataria, e a obriga de adaptación do PXOM á nova normativa atopábase incluída dentro das obrigas contractuais contempladas nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas que constitúen lex contractus, e foron aceptadas pola adxudicataria ao se presentar á licitación e asinar o contrato.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dezaseis minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica Maria Otero López